

co rvan mairube, un exitoso pu-
blicitario oriundo da comarca
de Lemos que rompeu coas súas
orixes rurais e que chega a coñe-
cer o singular personaxe do en-
troido de Salcedo cando a Xun-
ta lle encarga un traballo de pro-
moción turística. «A novela tra-

vais do 2009, esta entidade parti-
cipou na organización dun sim-
posio sobre a cultural inmaterial
do sur lucense no que se pres-
tou especial atención aos fes-
textos tradicionais da Pobra do
Brollón e da ribeira chantadi-
na do Miño.

A guía das rutas xacobeas coescrita por Aida Menéndez darase a coñecer en Monforte

MONFORTE / LA VOZ

A Deputación presentará ma-
ñá en Monforte o libro *Rutas a
Santiago en la provincia de Lu-
go*, escrito por Jesús Villamil e
pola presidenta da asociación
Camiños a Santiago pola Ribeira
Sacra, Aida Menéndez. O ac-
to celebrarase ás sete da tarde
no edificio do centro de maio-
res de Novacaixagalicia. A pri-
meiras presentacións desta obra
leváronse a cabo en decembro
en Lugo e no castelo de Pambre,
no municipio de Palas de Rei.

A guía é o primeiro libro no
que o Camiño de Inverno —
que aínda non ten a categoría
oficial de ruta xacobeá— apa-
rece xunto con todos os itine-
rarios tradicionais a Santiago que
discorren polo territorio da pro-
vincia e que xa contan con es-
te rango, isto é, o Camiño Fran-
cés, o Camiño Primitivo e o Ca-
miño do Norte. Aida Menéndez

considera esta publicación co-
mo un importante paso na di-
vulgación desta ruta histórica
e como un apoio moi significa-
tivo para conseguir o recoñece-
mento oficial por parte da Con-
sellería de Cultura.

Mil exemplares

O organismo provincial impr-
miu nesta primeira edición un
millar de exemplares do libro,
que ten cerca de trescentas pá-
xinas de extensión. A sección
dedicada ao Camiño de Inver-
no —cuxa redacción foi encar-
gada a Aida Menéndez— ocu-
pa arredor de setenta páxinas e
describe de forma detallada o
tramo lucense deste itinerario.

Os textos do libro están acom-
pañados por cerca de trescentas
fotografías que mostran as pa-
raxes máis destacadas das catro
rutas e os seus principais monu-
mentos históricos.

TERRAS DE LEMOS
jueves, 10/0-2/2011